

AMOR BAIXO O CRUCIFIXO

Kinuyo Tanaka, 1962

1132

ESTREA EN NUMAX: 04.07.2023 | V.O.S.E. | 101 min

Historia que conta os amores prohibidos entre un samurai cristián e a filla adoptiva dun prestixioso mestre de té no Xapón feudal.



Charla entre Irene González-López e Luis Miranda: «A investigación feminista e poscolonialista xogou un papel moi importante»

En abril de 2022, tivo lugar en Las Palmas de Gran Canaria un encontro entre dous entusiastas da cultura xaponesa, Irene González-López, autora do libro *Tanaka Kinuyo: Nation, Stardom and Female Subjectivity* (2018) e o director do Festival de Cinema de Las Palmas, Luis Miranda. Unha cita entre ambos só podía desembocar nunha entrevista en profundidade do segundo á primeira na que se aborda o legado e a carisma dun dos rostros máis coñecidos do cinema clásico xaponés, Kinuyo Tanaka.

Nun sistema de estudos tan meritocrático e tradicionalista como o xaponés, que significado tivo o acceso dunha actriz tan coñecida como Tanaka á dirección? O debut de Tanaka como directora provocou bastante axitación na industria. Por un lado, directores consagrados como Ozu e Naruse déronlle o seu apoio, e outros (Mizoguchi sobre todo) opuxéronse porque crían que fracasaría como directora e que iso afundiría tamén a súa carreira como actriz. Moitos actores apoiárona, e Kagawa Kyoko, por exemplo, dixo que non era unha actriz traballando como directora, senón a gran Tanaka Kinuyo.

Tamén hai que ter en conta que nos anos 50, a segunda época dourada do cinema xaponés, foron uns anos de moitos cambios na industria e outros actores tamén debutaron como directores. Pero a figura do director tiña un *status* intelectual, ético e creativo que non tiñan os actores (que eran valorados máis ben polas súas habilidades físicas de transmitir e provocar emocións nos espectadores), e por iso algúns críticos e profesionais non vían con moi bos ollos estas iniciativas. Esta desconfianza na capacidade de actores para dirixir (e dirixir ben), tamén se reflectía na prensa, onde enriba Tanaka era cuestionada por ser muller; pero en xeral, a decisión de Tanaka foi aplaudida polos críticos e os seus primeiros filmes recibiron moita atención mediática.

Cales foron os momentos chave, os fitos principais na recuperación da súa obra como cineasta, tanto en Xapón como fóra do país? Aquí é importante distinguir entre Xapón e outros países. Eu vin os seus filmes alí a finais dos 2000 e xa os puxeran na televisión, nunha canle de pago especializada en cinema xaponés. O National Film Archive de Xapón publicou sobre ela xa nos 70 e posteriormente fixo unha retrospectiva. Aínda así, diría que moita xente en Xapón tampouco sabía que Tanaka dirixira seis filmes.

Ata hai pouco, era difícil acceder aos seus filmes e menos con bos subtítulos. Houbo retrospectivas en Austria, Reino Unido, Australia e tamén en Cataluña. Pero claramente houbo un redescubrimento de Tanaka moi recentemente. Lili Hinstin, daquela directora do festival de cinema de Locarno, programou unha retrospectiva enorme para 2020 de Tanaka como actriz e directora que desgraciadamente se cancelou pola pandemia. Pero a partir de aí, Carlotta Films restaurou os seus seis filmes, que se proxeccionaron en Cannes, no Lincoln Film Center e tamén en España. Agora Janus Films vai comercializalas en DVD con subtítulos en inglés.

Tamén é curioso que a atención que recibiu Tanaka no estranxeiro nos últimos anos parece que revitalizou a súa importancia en Xapón. Eu creo que iso responde a unha tendencia internacional de redescubrir as voces esquecidas do cinema, onde a investigación feminista e poscolonialista xogou un papel moi importante.